

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

LEIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que aproba a oferta de emprego público para o ano 2009 do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se modifica o Decreto 202/1992, do 10 de xullo, polo que se modifica a estrutura da Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a *Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo*, en materia de protección civil e colaboración co Xacobeo 2010

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo sobre o exercicio da fiscalización limitada previa prevista no artigo 97.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de trinta e oito millóns douscentos cincuenta e catro mil catrocentos cincuenta e seis euros con vinte e cinco céntimos de euro (38.254.456,25 €), correspondente á obra: "Conexión do Corredor Brión-Noia coa estrada AC-550 en Taramancos (Noia)"
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística a subscribir co Concello de Vilaboa (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Industria a establecer un anticipo superior ao 50% do importe da subvención directa á *Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia* para a compra de terreo destinado a albergar instalacións do CESGA
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela, para a construción da estación científica do Courel por importe de setecentos mil euros (700.000,00 €)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de prórroga do plan de Galicia sobre drogas 2007-2009
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio específico de colaboración entre a Administración xeral do Estado, a través do *Instituto de Salud Carlos III*, e a Comunidade Autónoma de Galicia, no programa de estabilización de investigadores e de intensificación da actividade investigadora no sistema nacional de saúde.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, anticipos superiores ao 10% e compromisos de carácter plurianual
- Acordo polo que se autoriza establecer, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria, un anticipo superior ao 10% do importe da subvención no momento da súa concesión
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a *Asociación Aloumiño*, para o desenvolvemento dun programa de orientación e mediación familiar
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a entidade *O Pelouro*, para contribuír ao mantemento do servizo que presta a través do Centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade financeira *La Caixa*, para o desenvolvemento do Programa de Conservación e Xestión dos espazos naturais protexidos de Galicia
- Acordo polo que se aproban os prezos que servirán como valores de referencia máximos para as transaccións do Banco de Terras de Galicia para o ano 2010
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Beariz, para a creación dun arboreto

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre as bases para a elaboración do Decreto polo que regula o plurilingüismo no sistema educativo non universitario de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o dispositivo sanitario da *Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia – 061*, con motivo do Xacobeo 2010

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI DO SOLO QUE PERMITIRÁ REGULAR 30.000 NÚCLEOS DE POBOACIÓN NO RURAL GALEGO

- *O Goberno galego enviará o texto ao Parlamento a vindeira semana para iniciar o debate do seu contido no Pleno da Cámara no mes de febreiro, cando se inicie o novo período de sesións*
- *Con este novo texto legal preténdese acadar unha maior cooperación dos distintos departamentos autonómicos no proceso de documentación e de información, e deste xeito evítase a duplicidade de tramitacións administrativas*
- *Unha das novidades que achegará este texto legal é a redución da tramitación autonómica dos plans para lograr unha maior eficacia, polo que se prevé acurtar de tres a dous meses (un 33,33% menos) os prazos das sucesivas intervencións autonómicas no procedemento de aprobación*
- *Os piares deste novo documento son a potenciación da colaboración da Xunta de Galicia cos concellos en materia urbanística, para facilitar e simplificar a elaboración dos planeamentos municipais, unha implicación que é extensiva a outras normas e plans de incidencia na definición do modelo territorial*
- *A Xunta de Galicia apremia a tramitación deste regulamento, ante a necesidade de rematar coa situación de bloqueo dos concellos de Galicia en materia urbanística, xa que preto dun 80% dos concellos galegos está nalgunha fase de tramitación de planeamento, algúns desde hai 30 anos*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o anteproxecto de modificación da Lei do solo que contribuirá a delimitar urbanisticamente preto de 30.000 entidades singulares de poboación existentes no rural galego, sobre todo os máis de 10.200 núcleos que teñen un mínimo de 10 edificacións, agrupacións a partir das que se delimita o concepto de núcleo de poboación segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento das catro provincias de Galicia.

A modificación da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia será remitida ao Parlamento na primeira semana de xaneiro, co obxectivo de que en febreiro se debata no Pleno do Parlamento.

O novo documento ten como eixes fundamentais a potenciación da colaboración da Xunta de Galicia cos concellos en materia urbanística, para facilitar e simplificar a elaboración dos planeamentos municipais. Outra das finalidades é darlle resposta á problemática derivada dos núcleos rurais e a regulación do solo rústico, tratando de axustarse á realidade rural de Galicia.

Cómpre sinalar que este texto conta cun amplo acordo e consenso. Foi enviado á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), aos grupos parlamentarios, ao Consello Económico e Social e as diversas asociacións e entidades relacionadas co seu ámbito de aplicación. A finalidade era coñecer e poder ter en conta todas as opinións e suxestións que permitisen lograr o maior consenso na súa redacción definitiva. Así, varias direccións xerais da actual Xunta de Galicia, o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís, o Sindicato Labrego Galego, Arquitectos de Galicia, o Colexio Notarial de Galicia, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños fixeron varias alegacións que se introduciron no texto definitivo, presentado hoxe perante o Consello da Xunta.

Ademais, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e o presidente da FEGAMP, Carlos Fernández, asinaron un acordo institucional polo urbanismo no mes de setembro, para a modificación da Lei do solo.

As novidades que se introducen

A experiencia adquirida durante anos de vixencia deste modelo pon de manifesto a necesidade de reformular determinados aspectos, co fin de avanzar cara a unha ordenación de solo rústico máis consecuente coa natureza do medio rural como medio produtivo, e dar resposta ás inxerencias municipais xeradas en relación co urbanismo. Os cambios que se introducen permitirán unha maior integración dos procedementos, a súa simplificación e avanzar na tramitación do plan urbanístico nuns prazos máis racionais. O anteproxecto modificará 44 dos 237 artigos da Lei de ordenación urbanística de Galicia (preto dun 20%), así como unha disposición adicional e dúas transitorias.

A modo de exemplo, unha das novidades que achegará este texto legal é a redución da tramitación autonómica dos plans -na liña de lograr unha maior eficacia-, xa que se prevé acurtar de tres a dous meses (un 33,33% menos) os prazos das sucesivas intervencións autonómicas no procedemento de aprobación, agás no caso da aprobación definitiva dos plans xerais que se mantén en tres meses.

Coa modificación tamén se potenciará unha maior axilidade no outorgamento de licenzas en solo rústico para obras maiores -aquelas que requiren proxecto técnico completo-, polo que o tempo máximo de concesión de licenza se reducirá nun 60%. Isto será factible ao manterse unicamente os tres meses de prazo municipal, eliminarse os tres meses necesarios para a autorización autonómica, e reducirse o tempo de envío da solicitude e o traslado do acordo de autorización.

Na concesión de licenzas para obras menores –aquelas de escasa entidade construtiva e económica- apreciase unha maior redución, xa que o tempo máximo de concesión de licenza se acurta nun 80%. As causas deste acurtamento de prazos débese a que unicamente se mantén o prazo municipal dun mes, elimínanse os tres meses de prazo autonómico e o tempo preciso para os trámites de petición e traslado.

Con esta coa nova reforma tamén se incide nunha maior cooperación dos distintos departamentos autonómicos no proceso de documentación e de información, que se debe achegar aos concellos para a redacción dos seus instrumentos de ordenación e, en consecuencia, evítase a duplicidade de tramitacións administrativas.

Por outra banda, a avaliación ambiental pasará a constituír parte do propio contido dos instrumentos de ordenación urbanística, tramitándose de forma unitaria, e refórzase a cooperación dos distintos departamentos autonómicos no proceso de documentación e información para a redacción dos instrumentos de ordenación.

Novos núcleos rurais

O novo documento normativo no que traballa a Xunta de Galicia tamén trata de adecuar o contido da Lei á realidade do asentamento da poboación no medio rural de Galicia. Nese senso, propónse unha definición de núcleo rural que recolla todos os tipos de agrupacións que ata o de agora carecen dunha regulación específica. Con esta medida rómpese coas formulacións anteriores, que impedía a posibilidade de delimitacións que desen resposta ás necesidades de crecemento e desenvolvemento dos asentamentos rurais. Coa formulación anterior inviabilizábanse os plans xerais da maior parte dos municipios, nos que o asentamento predominante é o rural.

A futura lei de ordenación establecerá que serán os propios plans xerais os que establecerán o réxime urbanístico dos núcleos rurais, polo que se re recuperará o protagonismo dos plans xerais para establecer a ordenación detallada dos núcleos rurais e prever o alcance e os termos das actuacións de carácter integral neles.

O anteproxecto fixa catro tipos posibles de núcleos rurais nos plans xerais municipais: núcleo rural histórico tradicional, que recolle o carácter esencial o núcleo rural que mantíña a lei; núcleo rural consolidado; limitado polo grao de consolidación da edificación que será igual ou superior ao 50% da superficie; núcleo rural non consolidado, neste caso o grao de consolidación da edificación sitúase entre un 33 e 50%; e núcleo rural complexo, caracterizado pola concorrencia e compatibilidade de características propias do núcleo tradicional e de calquera dos outros dous previstos.

No documento tamén se recupera o Plan Especial de Ordenación de Núcleo Rural que, formulado e aprobado pola Administración local, terá unhas funcións de apoio e desenvolvemento do plan xeral no solo de núcleo rural análogas ás que os Plans especiais de reforma interior (PERI) manteñen no solo urbano consolidado. Cando este plan especial se formulen cun contido limitado, a súa tramitación tamén se axustará a un procedemento máis sinxelo, similar ao previsto para a aprobación dos estudos de detalle.

Por último, no ámbito dos núcleos rurais avánzase nunha maior incidencia na protección e recuperación de elementos característicos da arquitectura rural e na conservación da morfoloxía dos núcleos históricos tradicionais, da súa estrutura parcelaria histórica e dos seus usos tradicionais, que son obxecto dun planeamento especial de estrita natureza protectora

Xustificación

Un total de 247 concellos de Galicia –practicamente o 80% do total- están nalgunha fase de tramitación de planeamento municipal, algúns deles desde hai preto de 30 anos. Ademais, só 39 entidades municipais galegas das 315 existentes (un 12%) dispoñen de Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptados ao marco legal que establece a Lei 9/2002. Outro dato significativo e máis grave é o feito de que 66 concellos (máis dun 20%) carecen actualmente de calquera instrumento de planeamento. Estas circunstancias son unha das razóns que levaron o Goberno actual a acometer unha modificación legislativa urxente da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (Lei 9/2002).

O CONSELLO APROBA O DECRETO DE OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO PARA OS POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO SANITARIO DA LEI 17/1989

- *Dáse así cumprimento ao dereito transitorio previsto na devandita norma como paso previo á oferta de integración no réxime estatutario, que solventará unha vella reivindicación de acceso ao réxime de desenvolvemento profesional deste colectivo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta pública de emprego (OPE) do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989 do 23 de outubro. Dáse así cumprimento ao dereito transitorio da devandita norma, que prevé a realización de tres procesos selectivos para o acceso á condición de persoal sanitario funcionario incluído no seu ámbito de aplicación, garantido o dereito a continuar prestando servizos como persoal interino a aquel que, no momento da súa entrada en vigor, tivese tal condición e mentres se executen os ditos procesos selectivos.

Esta oferta supón un paso previo á oferta de integración no réxime estatutario que posibilitará o acceso ao réxime de desenvolvemento profesional do colectivo

Solventarase así unha vella reivindicación de integración deste persoal, que actualmente é de 340 funcionarios de carreira e 101 funcionarios interinos.

A integración será voluntaria para o persoal funcionario de carreira, de tal xeito que o proceso de integración partirá da expresión da vontade do empregado de incorporarse ao réxime estatutario.

A homologación deberá producirse nas condicións de traballo do réxime estatutario, de forma que os empregados pasarán a participar dos dereitos e deberes do persoal estatutario en condicións de homoxeneidade.

O decreto aprobado hoxe recolle un total de 26 prazas nas clases de farmacéuticos inspectores de saúde pública de inspectores farmacéuticos, de inspectores médicos; e de subinspectores sanitarios.

MODIFICADA A ESTRUCTURA DA XUNTA CONSULTIVA DE CAZA DA RESERVA NACIONAL DOS ANCARES

O Goberno galego deu luz verde á modificación da estrutura da Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares, co obxectivo de adaptala ao novo organigrama da Xunta, posto que as competencias de Conservación da Natureza intégranse agora na Consellería do Medio Rural. Esta modificación non afecta o carácter consultivo nin as funcións previas asignadas a este órgano da reserva.

Así, a Xunta Consultiva queda composta por 18 persoas: o delegado territorial en Lugo ou persoa en quen delegue, que actuará de presidente; o xefe de departamento territorial provincial da consellería, que actuará de vicepresidente; o xefe de servizo provincial en materia de conservación da natureza; o mesmo cargo en competencia de montes; o mesmo con competencias en prevención e defensa contra incendios forestais; similar en infraestruturas agrarias; representante do organismo competente en ordenación do territorio; alcalde do termo municipal da reserva; un representante da Federación Galega de Caza; outro das asociacións de cazadores da provincia; outro de organizacións de defensa da natureza con actuacións na provincia; outro dos propietarios de predios incluídos na reserva; un máis dos montes veciñais; outro máis da USC, campus de Lugo; dous profesionais de recoñecido prestixio en ordenación de recursos naturais; un representante da deputación provincial; e o director da propia Reserva.

Cómpre sinalar que, no que atinxe á presenza feminina nas institucións, a modificación hoxe aprobada polo Consello prevé que a designación dos membros *non natos* (é dicir, aqueles que se nomean á marxe do seu cargo) da Xunta Consultiva “farase procurando que o órgano acade unha composición paritaria”.

A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA RECIBE 400.000 EUROS DA S.A. XESTIÓN DO XACOBEO PARA DESENVOLVER O PLAN DE ATENCIÓN AO PEREGRINO

- *Os beneficiarios últimos serán as agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia que colaborarán nas actuacións en materia de prevención, promoción, divulgación, información e socorro que se poidan prestar no ámbito dos Camiños de Santiago*

O Consello da Xunta deu luz verde a un acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a S.A. de Xestión do Xacobeo en materia de protección civil e colaboración co Xacobeo 2010, polo que esta última achegará 400.000 euros para a coordinación e financiamento da colaboración que as agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia (AVPC) dentro do Plan de Atención ao Peregrino 2010 presentado este luns en Santiago de Compostela. Esta dotación unirase aos 400.000 euros que a Consellería de Presidencia destina nos seus orzamentos para 2010 aos voluntarios de protección civil.

Segundo o acordo, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, será a encargada de coordinar todos os medios e recursos dispoñibles; o seguimento e avaliación das actuacións do plan; garantir o enlace cos plans municipais, sectoriais e de autoprotección que se realicen para eventos especiais; servir de enlace entre as necesidades da S.A. de Xestión do Xacobeo e a axuda que poida prestar ás AVPC e xestionar as axudas dirixidas a estas asociacións.

Pola súa banda, a S.A. de Xestión do Xacobeo colaborará na coordinación e realización das actuacións en materia de prevención, promoción, divulgación, información e socorro que se poidan prestar no ámbito dos Camiños de Santiago, contribuíndo á concienciación, información e seguridade dos peregrinos no Xacobeo 2010.

As agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia, pola súa vez, colaborarán coas autoridades de protección civil de Galicia informando o Centro de Atención ás Emerxencias 112 das situacións de incidencias nas diferentes ruta, das solicitudes de axuda que demanda o peregrino ou, de xeito diario, avisando do inicio e peche da actividade na atención dos camiños, a atención de albergues ou a cobertura en grandes eventos e concentracións humanas derivadas do Xacobeo.

Tamén será misión dos voluntarios dar resposta ás situacións adversas que se lle presenten ao usuario das distintas rutas xacobeas; colaborará na prevención, apoio e cobertura en grandes eventos –tanto nos seus concellos como noutros termos

municipais- e colaborará coa dirección no plan en todas aquelas accións que se lle encomenden dentro das súas funcións e competencias.

Para garantir o cumprimento do convenio, no acordo tamén se recolle a constitución dunha comisión de seguimento mixta, integrada polo subdirector xeral de Planificación e Protección Civil e un técnico deste departamento; e dous representantes da S.A. de Xestión do Xacobeo. As funcións da comisión, que se reunirá cando o solicite unha das partes, serán interpretar o acordo, a intervención previa á resolución por incumprimento e calquera outra relacionada co desenvolvemento do acordo.

A XUNTA ACTUALIZA O RÉXIME DE FISCALIZACIÓN LIMITADA PARA AFONDAR NA TRANSPARENCIA, EFICACIA E EFICIENCIA DO USO DOS RECURSOS PÚBLICOS

- *Esta modificación incide na mellor xestión e control dos fondos públicos*
- *Reforma o acordo anterior que regulaba o réxime de fiscalización limitada previa para adaptalo á normativa actual*
- *Actualiza o exercicio do control interno que se completará o vindeiro mes ca regulación do control posterior e os procedementos de control por mostraxe*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo sobre o exercicio de fiscalización limitada previa prevista no Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia co obxecto de mellorar o control interno da actividade económica financeira do Sector Público Autonómico.

Con esta reforma o Goberno galego quere adaptar o réxime de fiscalización limitada previa á nova regulación e terminoloxía; e actualizar o exercicio de control interno ao que está sometida a Administración Galega co fin de garantir unha maior transparencia, eficacia e eficiencia na utilización dos recursos públicos. A reforma completárase o vindeiro mes ca regulación do control posterior e os procedementos de control por mostraxe.

O novo réxime de fiscalización limitada previa introduce mecanismos que posibilitan a análise continuada dos resultados da fiscalización dos expedientes de gasto e a adopción das correspondentes decisións sobre o alcance dos extremos a controlar, permitindo unha maior axilidade na tramitación dos expedientes administrativos nos que estes resultados sexan favorables e extremando o control sobre aqueles expedientes nos que se detecte un maior risco.

O sistema deseñado polo novo acordo supón unha novidosa aposta polo control dinámico que se adapta as características dos expedientes controlados e aos resultados dos controis efectuados.

O Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia establece que a Xunta de Galicia previo informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma –dependente da Consellería de Facenda- acorde que a intervención previa que se exerza en cada unha das Consellerías, servizos, organismos autónomos, sociedades ou entes públicos dependentes da Administración, comprobe aquelas obrigas e gastos que pola súa transcendencia no proceso de xestión tendan a asegurar a obxectividade e transparencia nas actuacións públicas.

O acordo anterior data do 18 de marzo de 1999 e desde aquel momento ata a actualidade leváronse a cabo importantes reformas lexislativas que modificaron aspectos importantes en materia económico-financeira como é un novo réxime xurídico da contratación administrativa (Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público) e mesmo unha nova normativa de subvencións.

Fiscalización limitada previa

Este acordo será de aplicación a todos os expedientes tramitados pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polos organismos autónomos, centros, dependencias ou entidades no que estea implantado o réxime de fiscalización previa. Así, as obrigas ou gastos sometidos a fiscalización limitada previa serán obxecto dunha plena posterior exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización. Trátase de verificar que a xestión de recursos públicos responde ao principio de legalidade, constituíndo o control e a transparencia os elementos informadores da actuación pública deste goberno.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN GASTO DE 38 MILLÓNS DE EUROS PARA LICITAR AS OBRAS DA VARIANTE DE NOIA, QUE SAIRÁ A CONCURSO NO MES DE XANEIRO

- *O importe de licitación increméntase en 2,5 millóns de euros para incorporar medidas ambientais e construtivas que minimicen o impacto na ría*
- *O obxectivo final é que as comunicacións entre Noia e Santiago se reduzan ata os 22 minutos, beneficiando a máis de 40.000 habitantes de Noia, Muros, Outes e Porto do Son*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un gasto de 38.254.456 euros para a execución das obras da Variante de Noia. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas anunciará a licitación desta obra no vindeiro mes de xaneiro. Cómpre salientar que o importe de licitación se incrementa en 2,5 millóns de euros respecto ao reflectido no estudo informativo, coa finalidade de incorporar medidas ambientais e construtivas que minimicen o impacto na ría.

O obxectivo desta actuación é unir as dúas marxes da ría de Noia e estas con Santiago de Compostela, Porto do Son e Muros, evitando o paso dos tráfico de tránsito polo núcleo urbano da cidade, que deste xeito se verá sensiblemente desconxestionado.

Segundo os estudos do Goberno galego, unha vez rematada, a variante de Noia canalizará preto de 3.000 vehículos diarios que escollerán esta vía para realizar os seus desprazamentos, o que implica unha redución do volume de tráfico de máis dun millón de vehículos ao ano.

A alternativa 2 da variante de Noia, que fora anulada polo Goberno bipartito e que retomou a actual Xunta poucas semanas despois de tomar posesión, evitará o núcleo de Eiroa e conectará co corredor Brión-Noia pola marxe esquerda da ponte de Ceilán (viaduto do río Tambre). Este trazado responde á necesidade de conectar o final da ponte co corredor Brión-Noia, coa finalidade de ofrecer aos cidadáns unha auténtica variante.

O trazado


A alternativa da ría, tamén coñecida como alternativa 2, ten unha lonxitude de 4.857 metros e unha anchura de máis de 10 metros, na que se inclúen beirarrúas para facilitar a seguridade dos viandantes. Na ponte sobre a ría engadirase un paseo peonil de 2,5 metros de ancho, que contará con ramplas de acceso no Testal e A Barquiña.

A variante parte do núcleo de Taramancos, onde se separa da AC-550 e se dá prioridade á nova vía. Unha vez superado o enlace, o trazado discorre ao norte do núcleo e presenta un paso superior sobre a variante para restituír un camiño de conexión entre a costa e Taramancos. A continuación sitúase o semienlace de Punta Rebordiño, que permite o acceso e saída dos vehículos da zona do Testal co norte de Noia.

O trazado continúa coa ponte sobre a ría, cunha lonxitude de 1.470 metros, que salva ademais a estrada de acceso ao Testal. Por outro lado, o desembarco da estrutura na zona nordés de Noia pasará por riba da actual rede viaria existente nesta zona.

A variante xira cara ao nordés evitando, mediante un viaduto, a zona de aparcadoiro do centro comercial existente neste núcleo e unha rúa próxima. No final do trazado, construírse un enlace tipo glorietta baixo a estrada, que servirá de conexión coa C-550. A obra mellorará as comunicacións entre Porto do Son e Muros, permitindo un aforro de 10 quilómetros, e entre Porto do Son e Santiago, reducindo en 4 quilómetros a distancia actual.

O obxectivo final é que as comunicacións entre Noia e Santiago se reduzan ata os 22 minutos, o que supón unha mellora no tempo de percorrido dun 37% fronte aos 35 minutos que agora son necesarios. Optimizaranse as conexións das dúas marxes da ría. Tanto a variante de Noia como as novas vías de conexión con Santiago e Muros transformarán o mapa viario de Noia e a súa comarca, beneficiando dun xeito especial os máis de 40.000 habitantes de Noia, Outes, Muros e Porto do Son.



Comparativa

Cabe salientar que o trazado interior da variante, a chamada alternativa 1 promovida polo goberno bipartito, recibira un total de 2.342 alegacións, fronte ás 110 da alternativa 2.

O trazado da alternativa 2 foi o que o actual presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, presentou en maio de 2005 cando era conselleiro de Política Territorial, e formaba parte das iniciativas viarias do Plan Galicia.

A día de hoxe o proxecto segue avalado desde o punto de vista ambiental, porque implica un menor impacto na práctica totalidade dos indicadores estudados; e tamén é mais vantaxoso desde o factor territorial, porque ten unha mellor conectividade coas vías principais da zona, xa que esta infraestrutura conectará cos dous extremos do Concello de Noia, e un menor impacto no territorio.

A XUNTA DE GALICIA ASUMIRÁ AS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE VILABOA

- *Para iso asinarase un convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e deste concello para a súa adhesión á Axencia da Legalidade Urbanística (APLU)*
- *En virtude deste convenio, o Concello de Vilaboa delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística*

O Consello da Xunta vén de anunciar a sinatura dun convenio entre o concello pontevedrés de Vilaboa e a Axencia da Legalidade Urbanística, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O obxectivo principal deste acordo é a colaboración no restablecemento da legalidade urbanística que corresponda neste concello. Con esta adhesión serían 43 os acordos asinados: 13 na Coruña, 7 en Lugo, 16 en Ourense e 7 en Pontevedra.

A Axencia da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial para desenvolver, en común coa Xunta de Galicia e os concellos que se integren de maneira voluntaria nela, as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

A través deste acordo, axústanse as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto polos ámbitos competenciais de ambas administracións.

Condicións

En virtude deste convenio, o Concello de Vilaboa delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: solo rústico, solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo Concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao Concello.

Entre outras disposicións, o municipio de Vilaboa terá que prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autónomo lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias; facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o convenio de adhesión.

ECONOMÍA E INDUSTRIA ACHEGA 2,7 MILLÓNS PARA IMPULSAR A I+D+I NO CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

- *O investimento permitirá que o Centro de Supercomputación de Galicia se convirta no Centro de Excelencia en Investigación sobre Ciencia Computacional e Simulación Numérica Aplicada*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía e Industria a continuar co seu apoio á I+D+i en Galicia e subvencionar directamente á Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia con 2,7 millóns de euros para a compra do terreo que albergará as novas instalacións do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) no Parque Empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela. O investimento contemplado supón un anticipo inmediato de 1,6 millóns de euros, e o resto da achega farase en abril de 2010 e abril de 2011.

Esta nova achega ao I+D+i galego permitirá a transformación do CESGA en Centro de Excelencia en Investigación sobre Ciencia Computacional e Simulación Numérica Aplicada. Esta evolución, que se está a planificar en estreita colaboración coa comunidade investigadora galega e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), contempla a consolidación de dúas grandes áreas de actividade: unha dedicada á investigación de excelencia, á que se incorporarán investigadores de prestixio procedentes de institucións españolas e estranxeiras, e outra área correspondente a servizos, innovación e administración partindo das unidades existentes no CESGA actual.

O novo Centro ten como misión principal o desenvolvemento de complexas aplicacións computacionais ao servizo da investigación en áreas da ciencia e da enxeñaría consideradas estratéxicas no contexto autonómico e estatal, cunha clara vocación cara á internacionalización, a evolución do coñecemento, a transferencia de tecnoloxía e, como consecuencia, o benestar social.

Máis espazo para equipamentos

A construción deste edificio ten carácter estratéxico para a Fundación CESGA, xa que permitirá contar co espazo necesario para levar a cabo as actividades científicas e tecnolóxicas ligadas ás previsións de crecemento e á futura ampliación dos cometidos do Centro. De feito, as actuais instalacións resultan xa moi limitadas para acoller todos os seus servizos, equipamentos e infraestruturas de cálculo, entre os que se atopa o supercomputador Finis Terrae.

O edificio ocupará unha superficie construída de 3.904 m² e contará coas últimas tecnoloxías a disposición dos máis de 200 investigadores e tecnólogos que integrarán

o equipo do novo Centro de Excelencia en Investigación sobre Ciencia Computacional e Simulación Numérica Aplicada.

As instalacións están deseñadas para ser facilmente ampliáveis, tanto por requerimentos propios do CESGA como para poder aloxar novos centros e institucións de I+D+I na mesma parcela, tales coma o nodo en Galicia do Instituto Español de Matemáticas (IEMATH) e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA).

A proposta gañadora do concurso de ideas estrutúrase en dúas edificacións que ocupan a cuarta parte da superficie da parcela. Un dos inmobles contará con espazos de usos comúns, como o auditorio, a biblioteca, as salas de xuntas, a cafetería e a conserxería, coa finalidade de compartir custos operativos en previsión das ampliacións e novas construcións que se leven a cabo. O edificio principal terá tres andares destinados aos espazos específicos do centro, onde se ubicarán as infraestruturas de supercomputación -que disporán dunha superficie de 840 m²- e as áreas de despachos e traballo en diferentes módulos para garantir a versatilidade e a disponibilidad de luz natural grazas aos patios interiores e a súa orientación Leste.

ECONOMÍA E INDUSTRIA ACHEGA 700.000 EUROS Á USC PARA A CONSTRUCCIÓN DA ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL

- *O novo centro integrarase na Rede de Estacións de Bioloxía e actuará como elemento de dinamización económica e social desta área da montaña lucense*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o investimento de 700.000 euros na construción da Estación Científica do Courel, en Lugo. A achega económica, que se instrumenta a través dun convenio entre a Consellería de Economía e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), resposta ao interese por parte do Goberno galego de contribuír á defensa e conservación da enorme biodiversidade existente en Galicia.

Esta nova achega á USC serve como medida de fomento da actividade de investigación de montaña e como elemento de dinamización económica e social desta área lucense, así como de motor da potenciación e conservación dos seus valores naturais.

A Estación Científica do Courel complementará a Rede de Estacións de Bioloxía da USC, composta na actualidade pola Estación de Bioloxía Mariña da Graña, na ría de Ferrol; e a Estación de Hidrobioloxía do Con, en Arousa. Os seu obxectivo principal será dar apoio aos grupos de investigación propios e externos, impulsar a formación de investigadores mozos e servir de foco de transmisión de coñecemento científica dende a Universidade ao entorno xeográfico máis inmediato.

SANIDADE DESEÑARÁ UN NOVO PLAN DE GALICIA SOBRE DROGAS

- *A Consellería de Sanidade, en previsión de planificar o novo documento nos próximos meses, prorrogará durante o vindeiro ano o actual Plan de Drogas 2007-2009*
- *Sanidade destinará case 17 millóns de euros nas actuacións previstas nesta prórroga, investimento que xa se recolle nos orzamentos para o ano 2010*

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde prevén aprobar un Plan de Galicia sobre Drogas revisado e actualizado para o inicio do 2011. Este Plan garantizará o sistema definido para a prevención das drogodependencias, así como a atención e inserción das persoas drogodependentes e adictas a través do Servizo Galego de Saúde e da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.

O novo Plan de Galicia sobre Drogas reflectirá a integración das drogodependencias tal e como recolle o Decreto de Estrutura da Consellería de Sanidade, nas dúas estruturas de xestión de servizos e soportes diferenciados para os programas asistenciais e de reinserción de persoas drogodependentes, ou para os programas de prevención.

Ademais, o cambio na Lei de subvencións en Galicia supoñerá uns grandes cambios de xestión orzamentaria do novo Plan, que terá mais estabilidade dende o punto de vista financeiro.

A Consellería de Sanidade, en previsión de planificar o novo documento nos próximos meses, considera preciso dotar de suficiente apoio normativo os convenios que se encontran en vigor e os que sexa preciso asinar para o ano 2010, e por iso prorrogarase durante o vindeiro ano o actual Plan de Drogas 2007-2009, de tal xeito que a súa vixencia non caduque o 31 de decembro de 2009. Así o presentou esta mañá a conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, nun informe ao Consello da Xunta.

Sanidade investirá un total de 16.987.959 euros nesta prórroga, que se distribúen nas actuacións da área de prevención (3.708.020 euros), na área de asistencia (11.577.816 euros), na área de incorporación social (755.421 euros), na área de formación (221.200 euros), na área de investigación en avaliación (502.746 euros), e na área de coordinación (222.576 euros). Este orzamento xa aparece así incluído no actual anteproxecto de orzamentos para o ano 2010 da Comunidade Autónoma de Galicia.

O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III E A CONSELLERÍA DE SANIDADE COLABORARÁN PARA FOMENTAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA EN GALICIA

A Comunidade Autónoma de Galicia, por medio da conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, asinará un convenio de colaboración coa Administración xeral do Estado, a través do Instituto de Saúde Carlos III, para concretar as actuacións, no ano 2010, de ambas as dúas administracións, en relación co *Programa de estabilización de investigadores e de técnicos de apoio á investigación e da actividade investigadora no Sistema Nacional de Saúde*.

O citado programa ten, entre outros obxectivos, fomentar a incorporación estable dos investigadores das institucións do Sistema Nacional de Saúde, así como promover a intensificación da actividade investigadora do persoal asistencial das anteditas institucións. A consecución dos obxectivos desenvolverase mediante a concesión de axudas xestionadas polas comunidades autónomas.

Grazas a este convenio, un grupo seleccionado de facultativos do Servizo Galego de Saúde poderá dedicar parte do tempo da súa xornada laboral á realización de actividades investigadoras.

Os candidatos seleccionados dedicarán o 50% do seu horario á investigación, e a súa actividade asistencial será cuberta por profesionais contratados para tal efecto; posto que as achegas económicas que se efectúen por parte do Instituto de Saúde Carlos III destinaranse á contratación e retribucións do persoal que asuma o labor asistencial correspondente aos profesionais que se concentren na investigación. Así, establécese unha achega de 30.000 euros para o persoal facultativo, por cada investigador ou investigadora que teña dedicación intensiva.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia proporcionará o espazo e as infraestruturas físicas, tecnolóxicas e de xestión que sexan necesarias para a mellor consecución dos fins científicos do investigador con dedicación intensiva.

Os ámbitos de investigación prioritarios determinaranse de acordo co Plan Nacional de I+D+I vixente e cos obxectivos de política científica da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta medida pretende fomentar a investigación de calidade en ciencias da saúde.

Por último, cómpre sinalar que o Instituto de Saúde Carlos III vén de achegar a cantidade de 240.000 euros relativa á actividade investigadora realizada no marco deste convenio no exercicio de 2009.

TRABALLO DESTINARÁ ARREDOR DE 10 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO

- *Universidades, entidades sen ánimo de lucro e corporacións locais serán as encargadas de ofrecer estes programas formativos que beneficiarán arredor de 13.000 persoas desempregadas*

Preto de 90 entidades- universidades, corporacións locais e agrupacións sen ánimo de lucro- poderán beneficiarse das subvencións que destina a Consellería de Traballo e Benestar para aquelas organizacións ou institucións que realicen actividades de información, orientación e busca de emprego.

Será ao abeiro da orde aprobada hoxe polo Consello da Xunta, normativa pola que se establecen os requisitos para que estas entidades se poidan acoller ás axudas que teñen como obxectivo financiar os gastos de contratación dos orientadores laborais e os gastos correntes que deriven dos programas informativos e de busca de emprego que realicen.

A través da orde aprobada hoxe, dotada cunha partida que está preto dos dez millóns de euros e que poderá beneficiar arredor de 13.000 persoas desempregadas, establécense os baremos que se seguirán para financiar ás entidades que realicen as devanditas accións, que deberán ser articuladas a través de itinerarios personalizados de inserción profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Poderán ser beneficiarias todas aquelas entidades que teñan personalidade xurídica propia e carezan de fins lucrativos que realicen accións de información e orientación profesional. Tamén poderán ser beneficiarias destas subvencións as fundacións dependentes das organizacións empresariais e sindicais de Galicia especializadas na realización de accións de información e orientación laboral.

As accións poderanse executar dende o 1 de febreiro de 2010 ata o 31 de xaneiro do ano 2011, pero o proxecto conxunto de accións deberase ter iniciado antes do 30 de setembro do ano 2010.

A XUNTA ANTICIPARÁ AS AXUDAS PARA O MANTEMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL QUE SUMARÁN 3,3 MILLÓNS EN 2010

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde que establece un anticipo de ata un 80% para aqueles centros que non superen unha subvención de 18.000 euros e dun 50% para os casos restantes*
- *O obxecto desta iniciativa é compensar os gastos producidos en concepto de persoal, alimentación e mantemento en xeral*

O Goberno galego anticipará no ano 2010 parte da contía das subvencións que cada anualidade concede ás escolas infantís de 0 a 3 anos dependentes de entidades de iniciativa social para o seu mantemento. O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde que establece un anticipo de ata un 80% para aqueles centros que non superen o importe de 18.000 euros e un anticipo do 50% para os casos restantes. O resto da subvención pagarase unha vez que a entidade beneficiaria presente toda a documentación xustificativa do gasto. A Consellería de Traballo e Benestar destinará a estas axudas en 2010 un total de 3.342.024 euros.

O obxecto da subvención é compensar os gastos producidos en concepto de persoal, alimentación e mantemento xeral do centro e, desta maneira, contribuír ao sostemento dos centros existentes e fomentar a mellora da súa calidade. O cálculo da axuda que se concede anualmente faise en función do número de unidades da escola infantil e da prestación do servizo de comedor.

Así, a contía para os centros con comedor e que teñan de 1 a 3 unidades será de 21.500 euros; para os que dispoñan de 4 a 6 unidades será de 20.500 euros; e para as escolas con sete ou máis unidades, de 19.500 euros. Os centros sen servizo de comedor poderán recibir ata 16.000 euros. De non estar en funcionamento todas as unidades o ano completo, aplicarase unha redución proporcional segundo o tempo de funcionamento.

As subvencións poderán solicitálas as entidades de iniciativa social que estean debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar.

A Administración autonómica dará prioridade na concesión das axudas a aqueles centros que presten servizo de comedor e aos que obtiveron unha subvención similar no ano anterior. Tamén se valorará o tempo de funcionamento da escola infantil.

A Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. O prazo de

presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. A resolución deberán facerse no prazo máximo de 6 meses.

A XUNTA COLABORARÁ CO DESENVOLVEMENTO DOS PUNTOS DE ENCONTRO PARA A MEDIACIÓN FAMILIAR DE VIGO E PONTEVEDRA

- *O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a sinatura dun convenio de colaboración por importe de 165.692 euros entre a Consellería de Traballo e Benestar e a asociación Aloumiño*
- *A achega permitirá levar a cabo un programa que ofrecerá ás parellas en situación de separación ou divorcio un lugar neutro en que se realicen as visitas entre o menor e o proxenitor non custodio*
- *O servizo está integrado, como mínimo, por dúas persoas expertas en psicoloxía familiar, dereito de familia e mediación familiar*

A Xunta destinará unha achega de 165.692 euros para desenvolver un programa de orientación e mediación familiar a través dun servizo de dous puntos de encontro, un en Pontevedra e outro en Vigo.

Para isto, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura en 2010 dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e *Aloumiño*, unha asociación de iniciativa social sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos reducir a conflictividade entre ex-cónxuxes nas situacións de separación e divorcio, sobre todo, en relación cos seus fillos.

Os puntos de encontro concíbense como un espazo normalizado que conta con persoal especializado que é o encargado de levar a cabo a valoración dos casos que se presenten, as entrevistas individuais previas ás actuacións, así como a programación das intervencións sinalando os obxectivos concretos e as persoas voluntarias implicadas, entre outros.

Así, estes servizos están integrados, como mínimo, por dúas persoas expertas en psicoloxía familiar, dereito de familia e mediación familiar, sen prexuízo da posibilidade de que tamén colabore persoal voluntario naquelas tarefas que os profesionais do punto de encontro estimen axeitadas.

A partida que Traballo e Benestar destinará á asociación *Aloumiño* permitirá, en concreto, que este colectivo desenvolva un programa que lles ofrecerá ás parellas en situación de separación ou divorcio un lugar neutro de encontro en que se leven a cabo as visitas entre o menor e o proxenitor non custodio, así como noutras situacións intrafamiliares conflictivas.

Ademais, facilitarase a presenza dunha persoa neutral, cualificada profesionalmente, que posibilite o establecemento do equilibrio e posterior normalización dos vínculos

entre o menor e o proxenitor non custodio ou entre o menor e a familia en que existe o conflito.

Así mesmo, o programa axudará a cada proxenitor a recoñecer as súas calidades como pai ou nai e promoverá un clima de consenso e responsabilidade que faga mínima a intervención xudicial. Tamén se educará os pais e nais para que manteñan e fomenten actitudes positivas cos seus fillos e recoñezan e consideren as súas necesidades propias. Desta forma, garantírase o dereito dos fillos a manter o contacto co proxenitor non custodio e a súa familia extensa.

A finalidade última do convenio é acadar en todos os casos a normalización das relacións familiares.

Ao abeiro deste convenio, Traballo e Benestar comprométese, ademais, a colaborar dun xeito integral na execución do proxecto mediante o asesoramento técnico preciso en cada unha das especificidades do programa de orientación e mediación familiar.

BENESTAR COLABORARÁ CO CENTRO SINGULAR DE INNOVACIÓN PEDAGÓXICA DO PELOURO CUNHA ACHEGA DE 251.000 EUROS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a entidade O Pelouro de Tui*
- *A Xunta subvencionará un máximo de 26 prazas ocupadas na escola, 14 para persoas con discapacidade intelectual con problemas de conduta e as 12 restantes para as que presenten un diagnóstico de autismo*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a entidade *O Pelouro* por un importe de 251.616 euros para o ano 2010. O obxecto da iniciativa é contribuír ao mantemento do servizo que presta este colectivo sen ánimo de lucro no seu centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración situado en Tui. Na escola deste centro aténdese a persoas con discapacidade intelectual, preferentemente con trastornos de autismo, problemas de conduta e comportamento asociado.

Así, o traballo do Pelouro baséase en defender a dignidade e os dereitos deste colectivo, en promover a súa integración social e en fomentar actitudes sociais positivas.

A cantidade que achegará o Goberno galego destínase a financiar un total de 26 prazas ocupadas. Desta cifra, catorce serán para persoas con discapacidade intelectual con problemas de conduta; sete serán para persoas internas no centro e as sete restantes para as que acudan en réxime de media pensión. No primeiro caso, o custo subvencionado será de 1.203 euros ao mes e, no segundo, de 820 euros mensuais.

As doce prazas restantes están reservadas para persoas con problemas de autismo: sete prazas para as que permanezan internas no centro cun custo subvencionado de 686 euros ao mes e cinco para o réxime de media pensión, que contan cunha contía de 401 euros ao mes.

Ao abeiro do convenio, a entidade *O Pelouro* deberá desenvolver un programa de atención aos usuarios que consistirá, entre outras actuacións, en realizar terapias de habilitación persoal e social; procurar un ambiente onde conceptos como a seguridade física e psicolóxica, as relacións interpersoais e a confianza e estabilidade atopen axeitada protección e en prestarlles información, coordinación, asesoramento e a orientación necesaria aos usuarios e ás súas familias.

Así mesmo, a asociación realizará actividades de ocio e tempo libre e desenvolverá unha formación ocupacional orientada á integración laboral e social.

MEDIO RURAL AMPLÍA UN CONVENIO CON LA CAIXA PARA A CONSERVACIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA

- *Deste xeito o convenio pasa a durar 4 anos desde a súa sinatura, realizada o 17 de xaneiro de 2007*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda a un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade financeira *La Caixa*. O dito convenio céntrase nun programa de conservación e xestión dos espazos naturais de Galicia.

Mediante esta addenda amplíase a vixencia do convenio, asinado o 17 de xaneiro do 2007, a un total de catro anos desde a súa sinatura, e distribúe a achega total da entidade en catro anualidades, posto que no convenio se establecía a achega en tres anualidades.

O orzamento total para o desenvolvemento deste programa de conservación é de 4.500.000 euros, que se ían distribuír en tres anualidades; dado que as actuacións previstas para o 2009-2010 aínda non se iniciaron, faise preciso a sinatura desta addenda co obxectivo de ampliar a vixencia do convenio.

Conservación e mellora

O convenio prevé actuacións nos espazos naturais de Galicia para a conservación e mellora do contorno. Entre estas actuacións, recóllese o mantemento dos hábitats abertos, a restauración das áreas degradadas, a mellora da rede de infraestruturas e a sinalización, así como a mellora dos espazos fluviais.

MANTÉÑENSE OS PREZOS PARA A CESIÓN DE PREDIOS RÚSTICOS DO BANTEGAL EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO OU CONCESIÓN NO ANO 2010

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se aproban os prezos tipo para o arrendamento ou concesión de predios rústicos do Banco de Terras de Galicia*
- *O Bantegal establece un custo mínimo de 20 euros anuais no arrendamento destas parcelas*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o acordo polo que se aproban os prezos que servirán como valores de referencia máximos para as transaccións do Banco de Terras de Galicia, dependente da Consellería do Medio Rural, para o ano 2010.

Debido ás evidentes diferenzas nas distintas zonas de Galicia e incluso pola variabilidade do tempo, a Comisión Técnica de Prezos e Valores emite cada ano un informe preceptivo para a fixación, polo Consello da Xunta, dos prezos que vai aplicar a sociedade Bantegal, no cal consta o prezo tipo que se establecerá nos sucesivos contratos de cesión e outras transaccións. Estes prezos veñen determinados pola propia zona xeográfica en función de diversos parámetros, tales como a produtividade, localización, configuración xeofísica e outros aspectos técnicos que se consideren oportunos.

Proposta

O acordo aprobado ten entre as súas finalidades as de fixar os valores dos prezos tipo para a cesión de predios rústicos do Banco de Terras de Galicia en réxime de arrendamento ou concesión, que estarán vixentes até o 31 de decembro de 2010, mantendo os mesmos prezos que no 2009. Manteranse estes prezos naquelas zonas cualificadas como "*zonas forraxeiras máis activas*" e nas "*zonas vitícolas con denominación de orixe*". Así mesmo, o Bantegal queda autorizado para establecer un custo mínimo de arrendamento de 20 euros anuais.

Con esta autorización, a Sociedade Anónima Xestora Bantegal poderá manter o mesmo sistema de determinación de prezos para os alleamentos de predios rústicos, con titularidade do Bantegal, e manter os prezos de arrendamento máis baixos nas Zonas de Especial Risco de Abandono (ZERA), mediante a aplicación do mesmo desconto do 50% que no ano 2009.

MEDIO RURAL E O CONCELLO DE BEARIZ PRORROGAN A SÚA COLABORACIÓN PARA A CREACIÓN DUN ARBORETO

O Consello da Xunta decidiu autorizar a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Beariz para a creación dun arboreto, ou reserva arbórea especial con fins lúdicos e formativos, convenio que ascendía a un montante de 60.000 euros. O proxecto para o que hoxe se autoriza a addenda remóntase a maio de 2007, cando a entón *Consellería do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible* asinara co concello ourensán un convenio similar cuxo cumprimento se aprazou por diversos problemas técnicos e xurídicos xurdidos no decurso da obra.

Así, o primeiro contratista designado renunciou á realización da obra e, unha vez readxudicada e iniciada, a Confederación Hidrográfica do Norte denegou a súa oportuna autorización para a continuidade das obras, debido á época do ano en que se pretendía levar a cabo a preparación do solo. Unha vez revisados os aspectos máis senlleiros do proxecto, e analizado o grao de execución da obra, o actual Goberno decidiu dar pulo de novo a esta petición.

A prórroga do acordo autorízase hoxe por canto as condicións técnicas e climatolóxicas son as idóneas para a creación do arboreto, adiando para o ano 2010 parte das obrigas económicas por parte de Medio Rural. Esta prórroga non supón incremento de gasto ningún para a Consellería, que investirá durante o próximo exercicio un total de 47.300 euros, o diferencial entre o xa realizado e o que queda por rematar do proxecto.

O GOBERNO GALEGO PRESENTALLE Á SOCIEDADE AS BASES PARA A ELABORACIÓN DO DECRETO DO PLURILINGÜISMO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA

- *A aposta por un plurilingüismo efectivo, a garantía de equilibrio entre as linguas oficiais e a participación das familias son os alicerces do novo texto*
- *O texto presentado hoxe será o punto de partida para establecer un diálogo coas diferentes institucións e formacións políticas*

Educación presentou hoxe no Consello da Xunta as bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo no sistema educativo non universitario e que derrogará o Decreto 124/2007. A aposta polo plurilingüismo efectivo, a potenciación da participación das familias na definición do marco lingüístico escolar e mais a garantía de equilibrio entre as linguas oficiais, con máis presenza dunha terceira lingua, en todas as etapas escolares son os piares básicos nos que se asenta o texto elaborado polo Goberno galego.

O obxectivo do Goberno con esta regulamentación é favorecer a convivencia lingüística e garantir a competencia do alumnado nas dúas linguas oficiais de Galicia e, polo menos, nunha lingua estranxeira.

O texto das bases para elaboración do decreto establece un equilibrio lingüístico ao longo das diferentes etapas educativas. No que respecta á Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado e coidará que adquira o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia. A lingua predominante do alumnado determinarase preguntándolle a cada familia pola lingua materna do seu fillo ou filla. Esta consulta farase mediante unha pregunta que as familias contestarán anualmente durante o proceso de preinscrición.

Na Educación Primaria, na ESO e no Bacharelato garantirase a adquisición da competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia e potenciarase a adquisición dunha competencia efectiva en lingua(s) estranxeira(s), principalmente en inglés. Con esa finalidade, establécese que un terzo das horas semanais se oferte en galego e outro terzo en castelán, e prevese que o terzo restante se poida impartir en lingua(s) estranxeira(s). Na medida en que os centros non dispoñan de recursos humanos para ofertar un terzo das horas en lingua estranxeira, estas distribuiranse de forma equilibrada nas dúas linguas oficiais.

Para a definición da distribución lingüística das materiais nestas etapas (Primaria, ESO e Bacharelato) terase en conta a opinión que expresen as familias a través dunha consulta que se realizará cada catro anos e que orientará a repartición horaria.

Na Primaria, que ten 25 horas semanais, a opinión maioritaria das familias será vinculante para determinar a lingua vehicular das materias instrumentais – Coñecemento do Medio e Matemáticas– (ata 10 horas semanais), que serán unha en galego e outra en castelán. Na ESO, que conta con 32 horas semanais, as familias decidirán en que lingua oficial se imparten as materias de Ciencias Sociais e Matemáticas, que suman ata sete horas semanais. No resto das materias, será o Consello Escolar quen aprobe unha proposta horaria equilibrada, tendo en conta a opinión das familias. No Bacharelato e na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, cada centro educativo aprobará no seu Consello Escolar, escoitando a opinión maioritaria das familias, unha oferta lingüística equilibrada de materias.

Equilibrio e garantía de competencia lingüística

As bases para elaboración do decreto procura a correcta adquisición das dúas linguas oficiais, así como a capacitación progresiva no dominio de linguas estranxeiras. Neste sentido, o texto aposta por un ensino plurilingüe con tres linguas vehiculares, co fin de que o alumnado adquira unha comunicación efectiva nelas, unha materia pendente do Goberno galego para adaptarse ás novas necesidades sociais.

O alumnado poderá empregar na súa comunicación nas aulas a lingua da súa preferencia e os libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua na que se imparta a materia. A administración educativa comprométese a promover a elaboración de materiais na outra lingua oficial de Galicia e en lingua (s) estranxeiras (s). A Xunta procura facilitar a comprensión e a adquisición plurilingüe da terminoloxía básica de cada materia.

Os equipos de dinamización da lingua galega

Para asegurar a súa potenciación fóra do currículo da lingua galega, contarase, como ata agora, co papel activo dos centros, particularmente a través dos equipos de dinamización. Estes “equipos de dinamización da lingua galega” centrarán o seu labor no fomento da lingua galega. Como novidade, incorpóranse por vez primeira aos equipos os pais e nais do alumnado, co fin de asegurar a integración activa das familias na promoción da lingua galega.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE PORÁ EN MARCHA UN PLAN DE ASISTENCIA SANITARIA AO PEREGRINO

- *En previsión da afluencia de peregrinos durante o ano Xacobeo, o departamento sanitario porá en marcha un dispositivo que dea unha resposta accesible, permanente, eficaz e satisfactoria*
- *O Plan prevé o reforzo da atención sanitaria a través do 061 e da Atención Primaria, e actuacións en materia de Saúde Pública e Inspección*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, explicou ao Consello da Xunta o Plan de Asistencia Sanitaria ao Peregrino que o seu departamento desenvolverá con motivo do Xacobeo 2010.

En previsión da afluencia de peregrinos esperada, faise necesaria a posta en marcha dun dispositivo asistencial que garanta unha resposta axeitada e que será accesible, permanente, eficaz e satisfactoria. A Consellería de Sanidade ten en conta anos santos anteriores en que o número de pacientes atendidos polo Sistema de Asistencia Sanitaria ao Peregrino do 061 foi superior aos 15.000. Ademais, espérase que as datas de máxima afluencia de peregrinos sexan os meses de abril a setembro.

En concreto, durante o Xacobeo 2010 activaranse tres grandes dispositivos enmarcados no 061, na Atención Primaria, e outro en materia de Saúde Pública e Inspección.

O 061 encargarse da atención sanitaria na Casa do Deán, no Monte do Gozo e no recinto da Catedral, así coma nos principais lugares do Camiño Francés; e tamén activará reforzos específicos en días de especial afluencia. Ademais, o 061 porá en marcha unha campaña informativa e de prevención para ofrecer consellos e medidas preventivas.

En canto a Atención Primaria, perfílase un plan de reforzo dos centros sanitarios do camiño no ano 2010, especialmente nas áreas sanitarias de Lugo e de Santiago para prestar asistencia ás persoas que a poidan precisar.

O terceiro gran dispositivo en materia de Saúde Pública e Inspección establecerá actuacións de control específicas para vixiar o mantemento das mellores condicións hixiénico-sanitarias na ruta xacobeá (control de fontes, albergues, restauración colectiva e plan de alertas epidemiolóxicas); e tamén actuacións de carácter divulgativo.